

A botella mariñeira

Hai uns cantos anos apareceu no porto de Cariño unha botella no mar, cunha mensaxe no seu interior, redactada en ingles, que poñía:

L 32°52'85" N
A 76°44'62" W

May 23, 1997

This message is placed in the sea by the crew
of sailing vessel "Baltic Breeze". If you
find this bottle, please contact one of the following
Crew members

Margie DZONARA
442 E. Bluff Dr.
Leupova Park, NY 14478
3151356-0188

Andrew Shaub
477 3rd Ave
Salt Lake City, UT 84103
(801) 521-7287

Clay Bradley
6421 Meeker Cir.
Lincoln, NE 68506
(402) 488-2684

GEORGE DYBICKI
4 MONFORT DRIVE
MECHANIC STATION NJ 08853
(928) 359 8810

Westley Bochenek
1461 Wrightstown Rd
Newtown, PA 18940
(215) 504-8201

Como se pode apreciar, indica a posición xeográfica onde foi depositada a botella, en forma de coordenadas de latitude e lonxitude. Tamén figura a data e unha pequena información dos membros da tripulación e o veleiro no que navegaban. A tradución da mensaxe podería ser a seguinte:

*Esta mensaxe é colocado no mar pola tripulación do veleiro “Baltic Breeze” .
Se vostede atopa esta botella, por favor contacte con algún dos membros da tripulación*

E a continuación aparecen os nomes e as direccións dos cinco membros que constituían a tripulación daquela embarcación naquel momento.


Feita unha pequena laboura de investigación descubrimos que procedía de América do Norte e que veu navegando transportada polas correntes quentes procedentes do Golfo de México, chegando ata aquí, o porto de Cariño no ano 1997. No mapa vemos como son as correntes mariñas do mundo.



Circunstancias como estas non son novas neste municipio. Hai bastantes anos xa houbo un caso parecido ao que estamos a comentar. Naquela ocasión, onde apareceu a botella foi no peirao da barriro do Campo, en Cariño. Un home atopouna cunha mensaxe dentro procedente de América do Sur, concretamente de Colombia, que como sabedes ten unha parte de costa que dá ao océano Atlántico. Longo percorrido tivo que facer a botella para chegar ata estas terras. O caso é que naquela ocasión si que houbo comunicación directa dos interesados. De feito, o emisor, un señor colombiano que botou a botella, chegaría a desprazarse a Cariño para coñecer persoalmente ao descubridor da mensaxe.

Volvendo ao caso que nos ocupa, Se nos fixamos nas correntes do Golfo de México, observamos que algunhas delas procedentes de América, diríxense cara ao Atlántico e chegan a bañar as costas europeas, empezando polas da Península Ibérica.

Posiblemente o percorrido do envase, desde o punto de partida ata o final da viaxe, sería o indicado nesta outra imaxe. Sería botada ao mar naquel lugar pola tripulación do veleiro e preto da costa americana, alcanzando Cariño poucos meses despois, conservando o seu contido en perfectas condicións, ata ser descuberto nestas latitudes.



CARIÑO, ABRIL 2010